

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356?fref=nf>

DECEMBRO 2014

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



1º ciclo primaria


PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s
ides escribir ...

...e anque algún di que a crise é historia, déixate de historias e, un ano máis, ORGANÍZATE para ser pedichón ou pedichona!!!. Fala cos teus e coas túas compas e poñédevos outra vez de acordo para pedir títulos distintos. Ah!, e pedide unha libretiña chula. Así poderedes intercambiar os libros unha vez que os leades, facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca con empréstito incluído. A libretiña?. Para anotar a quen prestades os vosos libros e saber a quen reclamarllos no caso de moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia, pero en "analóxico".

1º CICLO PRIMARIA:

- **Dragoneta-J.Fdez.Serrano-Xerais** : Nesta 3ª entrega de Marcapola, o malvadísimo Brigovius logra converter a Demoneta en Dragoneta. Será o fin de Marcapola e Libro?. Descúbreo nesta historia en Banda Deseñada!



- **A superheroína supersónica-M.Canals-Baía**: Ana pasa moito medo polas noites, sempre o mesmo soño. Quere superalo. Se che gusta, téns máis títulos nesta colección sobre emocións e sentimentos, para recoñcelos, expresalos, controlalos...cando se pode: A amiga invisible, As estrelas de cores, A cola de dragón, Os sacos de area...




- **Eu son gato-J.Morris.Lata de Sal**: Pero cando durmo, soño que son calquera dos meus felinos "parentes", puma, lince, guepardo, leopardo de Amur...queres entrar nos meus soños felinos?

- **De cómo Chispo, o esquío, puido co frío-T.Núñez/X.Tomás-Galaxia**: Chega o inverno, con el o frío, moito frío. Pero Chispo sabe coma escorrentalo. Entérate de coma o fixo, pode facerte falla sabelo...



- **A raíña de Turnedó-G.Sánchez-Kalandraka**: Hai anos que campa no noso andel de poesía, pero esta nova edición chega ás túas mans para que disfrutes a tope de versos acumulativos cheos de humor.



- **Gatuxo-Magin Blanco-Fol**: Tambores, leite con mel, Lúa, culler...e, por suposto, Gatuxo! Hai cancións para todo. Só téns que

aprendelas e...CANTAR.

- **Crebacabezas Galicia-GalileoNenos (e Nenas)**: Con algúns dos monumentos, fauna, lendas...máis coñecidos. Para que os atopes ou non os esquezas.

